



## Concello de Viveiro

### **ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

### **SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, CORRESPONDENTE AO DÍA VINTE E SEIS DECEMBRO DE 2016.**

#### **ASISTENTES:**

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCIA  
D. JESUS FERNANDEZ FERNANDEZ  
D<sup>a</sup>. MARIA ISABEL RODRIGUEZ LOPEZ  
D. JESÚS ANTONIO FERNÁNDEZ CAL

#### **SECRETARIA XERAL:**

D<sup>a</sup>. MARILUZ Balsa RÁBADE

#### **INTERVENTOR(POR DELEGACIÓN DE FIRMA)**

D. SERGIO AGUADO DELICADO

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 13:30 do día 26 de decembro de 2016, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Xeral, D<sup>a</sup>. María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Excusan verbalmente a súa ausencia D<sup>a</sup>. LARA FERNANDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA, D. EMILIO VILLARMEA MENDEZ

Á hora sinalada para este acto polo Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

#### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 19 -12- 2016.**

Non existindo ningunha obxección ó respecto procédese á aprobación da acta da sesión celebrada o día 19 de decembro de 2016.

#### **2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DICTADAS POR AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS.**

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147



## Concello de Viveiro

---

### **RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

Por parte do Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Loureiro García, dáse conta das Resolucións feitas pola Alcaldía mediante a avocación de competencias delegadas na Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Darse por informada dos Decretos ditados pola Alcaldía por avocación de competencias, entendendo que en tódolos casos existía motivación suficiente da urxencia para a súa realización.

### **3.- LICENZAS URBANÍSTICAS.**

#### **EXPTE 3231/2016.**

Vista a solicitude de licenza presentada por D<sup>a</sup>. Tania González Lage para obras interiores en vivenda sita na avda de Cervantes, nº 30-5<sup>o</sup> esquerda, no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3456305PJ1335N00289X, consistentes na substitución de placa por madeira

Visto que consta no expediente informe técnico favorable, emitido pola aparelladora da oficina de rehabilitación do casco histórico, co visto e prace do arquitecto municipal.

No referido informe sinálase que a clasificación do solo segundo a OUP é solo urbano consolidado, resultándolle de aplicación a OUP e o PEPRI. As obras a realizar consisten na substitución de baldosa por madeira. Engade que, segundo a solicitude presentada, a obra que se pretende executar cumpre coa normativa urbanística e coa normativa técnica aplicable. Engade que, de ser necesaria a ocupación da vía pública para a execución das obras, colocación de andamiaxe e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar e obter a previa e preceptiva autorización municipal

Visto o informe xurídico, emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se sinala que:

- De conformidade co disposto no artigo 142.2 letra c) da LSG, as intervencións en inmobles declarados BIC ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable. O inmoble de referencia atópase incluído no catálogo inventario do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Viveiro (PEPRI), polo que a solicitude debe tramitarse polo procedemento de licenza. Segundo se deduce do informe técnico obrante no expediente, non resulta preciso informe previo do órgano competente en materia de protección do patrimonio

- Conforme o disposto no artigo 143.1 da LSG, as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e planeamento urbanísticos. O punto terceiro da disposición transitoria primeira da mencionada lei declara expresamente o mantemento da eficacia dos

---

## Concello de Viveiro

## Concello de Viveiro

---

decretos autonómicos de suspensión do plan que foron ditados antes da súa entrada en vigor, e ata que entre en vigor o plan xeral; na súa virtude, a normativa vixente no municipio de Viveiro, aplicable á resolución deste procedemento, é a contida no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento, que, no punto 1.3 do Anexo regula a ordenanza de solo urbano da zona antiga de Viveiro, de aplicación aos terreos incluídos no ámbito territorial do PEPRI.

Conclúese no informe xurídico que, de acordo coa indicada ordenación provisional, e tendo en conta o informe favorable dos servizos técnicos municipais que obra no expediente, as actuacións propostas cumpren coas previsións da ordenanza aplicable

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Outorgar a Tania Gonzalez Lage licenza municipal para obras interiores en vivenda sita na avda de Cervantes, nº 30-5º esquerda, no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3456305PJ1335N00289X, consistentes na substitución de plaqueta por madeira

Segundo.- A licenza municipal suxeitase ao cumprimento das seguintes condicións particulares:

- a) De ser necesaria a ocupación da vía pública para a execución das obras, colocación de andamiaxe e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar e obter a previa e preceptiva autorización municipal
- b) Os entullos que se xeneren durante as obras deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.

Terceiro.- As obras terán que comezar nun prazo máximo de seis meses a partir da notificación da presente resolución, sendo en todo caso a duración máxima de execución da obra de tres anos, a contar tamén a partir da notificación desta resolución.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

Cuarto.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.



## Concello de Viveiro

---

Quinto.- Dar traslado da presente acordo ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

### **EXPTE. 3664/2016**

Vista a solicitude de licenza presentada por D. Miguel Fernández Rodríguez para substitución de cuberta e rixidización de forxados no inmovible sito na rúa Luis Trelles, n.º 1 en Viveiro

Visto que, segundo consta no informe xurídico emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, constan no expediente os seguintes antecedentes:

- En data 30 de marzo de 2016, solicítase licenza polo interesado, previa tramitación de informe do órgano competente en materia de protección do patrimonio por atoparse o inmovible no ámbito de protección da Igrexa de San Francisco. Coa solicitude achegou unha memoria técnica das actuacións, planos, fotografías exteriores, orzamento e informe de avaliación do edificio

O 20 de xuño de 2016 achegou proxecto básico e de execución de adecuación estrutural de cuberta e forxados do mencionado inmovible, asinado por Aroca Baudet Arquitectos S.C.P. (arquitectos: David Delgado Baudet e Raul Cebrian Aroca), visado polo COAG en data 16 de xuño de 2016 co numero 1603350,1

-Tramitada a solicitude de informe en materia de protección do patrimonio (expediente URB/102/2016), o 10 de outubro de 2016 tivo entrada no rexistro xeral do Concello de Viveiro a resolución de 30 de setembro de 2016 da xefa do servizo de coordinación da área cultural ditada por delegación da directora xeral de patrimonio cultural, autorizando as actuacións propostas toda vez que o inmovible atópase no contorno de protección do conxunto arquitectónico da igrexa e convento de San Francisco, que ten a consideración de monumento (elemento declarado BIC )

- En data 18 de outubro de 2016 requiríuse ao interesado a subsanación da súa solicitude de licenza mediante o uso do modelo normalizado, coa documentación indicada no punto 5º do mesmo; e o 10 de novembro de 2016 o interesado achegou a documentación requirida (solicitude no modelo oficial e xustificante do ingreso dos tributos municipais correspondentes, remitíndose en canto á documentación técnica, ao proxecto de execución xa presentado o 20 de xuño de 2016 mediante escrito rexistrado co número 4435)

Visto que consta no expediente informe técnico favorable, emitido pola aparelladora da oficina de rehabilitación do casco histórico, co visto e prace do arquitecto municipal.

No referido informe sinálase que a clasificación do solo segundo a OUP é solo urbano consolidado, resultándolle de aplicación a OUP e o PEPRI. As obras a realizar consisten na substitución da cuberta homoxeneizando a súa configuración e rixidización dos forxados de madeira da edificación. Engade que, segundo a solicitude presentada, a obra que se pretende executar cumpre coa normativa urbanística e coa normativa técnica aplicable. De ser necesaria a ocupación de vía pública para as labores a realizar deberase solicitar a perceptiva licencia así como

---

### Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

## Concello de Viveiro

---

para a instalación de andamiaxe. A maiores sinalase que a edificación donde se pretenden realizar as obras está no contorno de protección do Conxunto arquitectónico da Igrexa e Convento de San Francisco (BIC). Precisando informe previo de carácter vinculante do órgano competente en materia de Patrimonio. Remítese expediente das obras a realizar en dito inmovible á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de Lugo para a súa autorización, con data 30 de setembro de 2016, o expediente resolveuse favorablemente cunha serie de condicionantes que a continuación se enumeran:

- A cuberta rematarase con lousa irregular do país
- Os canalóns e baixantes deberán ser de cinc de sección semicircular e circular respectivamente.
- Os paramentos verticais remataranse recibados e pintados en cor clara

Visto o informe xurídico, emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se sinala que:

- De conformidade co disposto no artigo 142.2 letra c) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, LSG), as intervencións en inmovibles declarados BIC ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable. O inmovible de referencia atópase incluído no catálogo inventario do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Viveiro (PEPRI), polo que a solicitude debe tramitarse polo procedemento de licenza.

- Conforme o disposto no artigo 143.1 da LSG, as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e planeamento urbanísticos. O punto terceiro da disposición transitoria primeira da mencionada lei declara expresamente o mantemento da eficacia dos decretos autonómicos de suspensión do plan que foron ditados antes da súa entrada en vigor, e ata que entre en vigor o plan xeral; na súa virtude, a normativa vixente no municipio de Viveiro, aplicable á resolución deste procedemento, é a contida no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento, que, no punto 1.3 do Anexo regula a ordenanza de solo urbano da zona antiga de Viveiro, de aplicación aos terreos incluídos no ámbito territorial do PEPRI.

- De acordo coa indicada ordenación provisional, e tendo en conta o informe favorable dos servizos técnicos municipais que obra no expediente, as actuacións propostas cumpren coas previsións da ordenanza aplicable.

- O inmovible sobre o que se pretende actuar atópase no contorno de protección do conxunto arquitectónico da igrexa e convento de San Francisco, que ten a consideración de monumento (elemento declarado BIC) polo que, de conformidade co disposto no punto 11 do Anexo do Decreto 102/2006, do 22 de xuño, as actuacións urbanísticas dentro das áreas de protección definidas nas letras a), b) e c) precisarán do informe previo da Comisión Provincial do Patrimonio, que terá carácter vinculante; segundo se indica no apartado segundo de antecedentes, consta no expediente o informe favorable nesta materia



## Concello de Viveiro

---

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Outorgar a MIGUEL FERNANDEZ RODRIGUEZ licenza municipal para adecuación estrutural de cuberta e forxados do inmoible sito na rúa Luis Trelles, n.º 1 en Viveiro, de referencia catastral 3455528PJ1335N, de acordo co proxecto básico e de execución asinado por Aroca Baudet Arquitectos S.C.P. (arquitectos: David Delgado Baudet e Raul Cebrian Aroca), visado polo COAG en data 16 de xuño de 2016 co numero 1603350,1 e coa obriga de cumprimento das seguintes condicións, establecidas na resolución de 30 de setembro de 2016 da xefa do servizo de coordinación da área cultural (por delegación da directora xeral de patrimonio cultural):

- a cuberta rematarase con lousa irregular do país
- os canlóns e baixantes serán en cinc de sección semicircular e circular, respectivamente
- os paramentos verticais remataranse recibados e pintados en cor clara

Segundo.- A licenza municipal suxeitase ao cumprimento das seguintes condicións particulares:

- De ser necesaria a ocupación da vía pública para a execución das obras, colocación de andamiaxe e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar e obter a previa e preceptiva autorización municipal
- Os entullos que se xeneren durante as obras deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.

Terceiro.- As obras terán que comezar nun prazo máximo de seis meses a partir da notificación da presente resolución, sendo en todo caso a duración máxima de execución da obra de tres anos, a contar tamén a partir da notificación desta resolución.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

Cuarto.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Quinto.- Dar traslado da presente acordo ao Departamento de Urbanismo

---

## Concello de Viveiro



## Concello de Viveiro

---

para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

### **EXPTE. 4243/2016.**

Vista a solicitude de licenza presentada por GAS GALICIA SDG, S.A. para a ampliación da canalización subterránea dunha rede de distribución de gas natural e acometida ao antigo Hotel Orfeo, sito na rúa J.G. Navia Castrillon, en Viveiro, nunha lonxitude de 40,93 metros, e unha acometida de 7,00 metros

Visto que, segundo se reflicte no informe emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, constan os seguintes antecedentes:

- GAS GALICIA SDG, S.A. formalizou, o 27 de maio de 2015, unha solicitude de licenza municipal para a ampliación da canalización subterránea dunha rede de distribución de gas natural e acometida ao antigo Hotel Orfeo, sito na rúa J.G. Navia Castrillon, en Viveiro, nunha lonxitude de 40,93 metros, e unha acometida de 7,00 metros. Coa solicitude achegou proxecto técnico asinado polo enxeñeiro técnico industrial Antonio Javier Sabín Vazquez en maio de 2015

- No expediente resulta acreditado o pagamento dos tributos municipais en conceptos de ICIO e taxas de licenza urbanística e expedición de documentos

- Constan no expediente as seguintes autorizacións e/ou informes sectoriais doutras administracións públicas:

- a) Resolución da dirección xeral do Patrimonio Cultural autorizando as xa citadas actuacións, de fecha 18 de marzo de 2016, toda vez que a intervención afecta ao contorno de protección da capela do cristo dos Malates (elemento inventariado), de conformidade co disposto na Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio Cultural de Galicia, vixente naquela data
- b) Informes da Axencia Galega de Infraestruturas, de 19 de xuño de 2015 e 31 de marzo de 2016, favorables ás actuacións de ampliación da rede de gas e de apertura de gabia para cruce da mesma, respectivamente.
- c) Autorización da Directora general de sostenibilidad de la costa y del mar, de 28 de novembro de 2016, para *"la modificación de la concesión solicitada por el Hotel Urban Viveiro s.l. relativa al incremento de 5,64 m<sup>2</sup> de superficie con destino a la ejecución de la conexión de la red de suministro de gas"*,

- Mediante escrito rexistrado de entrada no concello o día 5 de decembro, incorporouse al expediente oficio de dirección de obra a favor do enxeñeiro técnico industrial Fernando Priego García.

Visto que consta no expediente informe técnico favorable, emitido polo arquitecto municipal.

No referido informe sinálase que a clasificación do solo segundo a OUP é solo urbano dentro do recinto REX do PEPRI, actuacións no espazo público. Ordenanza 5 sistema viario. Maniféstase que se presenta un proxecto de ampliación de rede de distribución de gas natural no tercio municipal de Viveiro na Avda. Navia Castrillón, Hotel Orfeo. As obras a realizar consisten na ampliación da canalización subterránea dunha rede de distribución de gas natural e acometida ao Hotel. Rede 47,93 metros. Acometidas 1 de 7,00 metros. Sinálase

---

## Concello de Viveiro

## Concello de Viveiro

---

que as obras propostas cumpren coas normativas aplicables. Respecto aos informes sectoriais necesarios infórmase o seguinte:

### **“Patrimonio:**

É de aplicación a ordenanza de protección do patrimonio do punto 11 da OUP, por atoparse as obras dentro da área de protección da Capela do Cristo dos Malates, punto b, “100 metros, cando se trate de elementos de arquitectura relixiosa, arquitectura civil e arquitectura militar”, que está incluído no inventario de Patrimonio Cultural das Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento Provinciais. Achégase resolución da **Comisión Territorial de Patrimonio Histórico de Lugo** con data 18 de marzo de 2016, na que se acorda: Informar favorablemente este expediente. Coa seguinte obriga:

o Reporanse os pavimentos con outros novos de idénticas características aos orixinais”.

### **Estradas Xunta de Galicia:**

Presenta autorización da **Axencia Galega de Infraestruturas**, servizo provincial de Lugo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia con data 19 de xuño de 2015, para “Ampliación da rede de gas en r/ Juan García Navia - Hotel Orfeo” da estrada LU-540, Viveiro (LU-862).

Presenta autorización da **Axencia Galega de Infraestruturas**, servizo provincial de Lugo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia con data 31 de marzo de 2016, para “Apertura de gabia para cruce de rede de gas na r/ Juan García Navia - Hotel Orfeo” da estrada LU-540, Viveiro (LU-862).

### **Costas:**

A parcela atópase dentro do dominio público marítimo terrestre, todo tipo de obras requirirán expresa autorización do **Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente**.

Presenta autorización de “la modificación de la concesión solicitada por el Hotel Urban Viveiro s.l. relativa al incremento de 5,64 m<sup>2</sup> de superficie con destino a la ejecución de la conexión de la red de suministro de gas”, da Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar, Subdirección General de Dominio Público Marítimo - Terrestre con data de 28 de novembro de 2016. “

Sínálase no informe técnico que o enxeñeiro técnico industrial Antonio Javier Sabín Vázquez fai constar que o proxecto cumpre coa normativa técnica aplicable. Establécese unha fianza de **1.500,00 €** para reposición de pavimentos e/ou arranxo de estragos que se podan ocasionar coa execución das obras. Establécense as seguintes condicións:

- ⇒ Teranse en conta ás indicacións de VIAQUA, empresa adxudicataria do servizo de augas, BEGASA, empresa responsábel da rede de distribución de enerxía eléctrica, TELEFÓNICA-MOVISTAR, R CABLE, da Policía Local e do persoal municipal de obras, relativas á presenza dos servizos. EAntes da colocación das distintas instalacións complementarias que se requiran a empresa deberá de reunirse cos servizos técnicos municipais e facer un replánteo in-situ para buscar a idoneidade da ubicación dos mesmos.
- ⇒ A canalización deberá facerse polos puntos que o Concello determine en cada momento, (estrada ou beirarrúa); esto virá condicionado pola existencia de servizos municipais. En todo caso estarase a disposición das directrices fixadas polos servizos técnicos municipais, antes do comezo da obra.
- ⇒ A tales efectos o arquitecto do servizo de obras do Concello, Santiago Meitín Míguez, coordinará coa empresa executora, coas empresas de servizos coa Policía Local e co persoal municipal de obras os traballos de canalización da rede de cable.
- ⇒ O remate do pavimento realizarase cos mesmos materiais e espesores existentes na actualidade, en caso de afección dos servizos municipais, estes deberán ser reparados á maior brevidade posíbel e sempre por conta da empresa solicitante. Segundo directrices dispostas polo Concelleiro de Obras do Concello e Viveiro, Jesús Fernández Cal, de xeito xenérico a reposición dos pavimentos dos viais de titularidade municipal consistirá na obriga a repoñer a totalidade da banda de rodadura nos viais cunha anchura inferior aos 4 metros e a totalidade do carril polo que discorra a rede (distancia acoutada dende o eixo do vial ao seu borde) nos viais



## Concello de Viveiro

---

cunha anchura igual ou superior aos 4 metros. Tal disposición quedará condicionada aos replanteos realizados in-situ. Excepcionalmente poderanse contemplar outras solucións que deberán ser debidamente xustificadas no tocante á súa idoneidade e aceptadas pola Concellaría de Obras.

- ⇒ Adoptaranse todas as medidas de seguridade e sinalización das obras, durante a súa execución e nos momentos que se atopen paradas.
- ⇒ Tramitarase a correspondente licenza de ocupación da vía pública nos tramos a executar.

Visto o informe xurídico, emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se sinala que:

- Respecto ao procedemento a solicitude de licenza é de fecha 27 de maio de 2015, anterior por tanto á entrada en vigor da actual Lei do solo de Galicia cúa entrada en vigor tivo lugar o 19 de marzo de 2016.

A normativa urbanística vixente na data de presentación da solicitude de licenza era a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA); de acordo co artigo 196.1 desta norma, cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo fosen realizados en terreos de dominio publico, esixírase tamén licenza municipal.....

En similares termos se pronuncia o artigo 144.1 da LSG, que dispón que “cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que sexan realizados en terreos de dominio publico esixíranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do órgano titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impediralles ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante”. As actuacións propostas consisten na canalización subterránea dunha rede de distribución de gas natural nunha lonxitude de 47,93 metros, que discorre polo unha vía pública municipal (avda Navia Castrillón), polo que o procedemento axeitado é o de outorgamento de licenzas regulado no artigo 143 LSG, debendo resolverse de acordo coa normativa vixente no momento da súa concesión.

Polo que atinxe á autorización ou concesión previa por parte do organo titular do dominio público (o propio Concello de Viveiro), indícase que a mercantil Gas Natural Transporte, S.A. é titular dunha autorización administrativa outorgada o 7 de marzo de 2013 pola Dirección General de Política Energética e Minas, do Ministerio de Industria, Energía y Turismo, para a construción do gasoducto de transporte primario de gas natural, cuido trazado discorre na súa totalidade na provincia de Lugo, tendo igualmente aprobado o proxecto técnico de execución das instalacións e recoñecendo a utilidade pública das mesmas. E en data 22 de abril de 2014 ditouse nova resolución polo antedito organo, nos mesmos termos, para a execución das instalacións relativas á Adenda nº 1 ao proxecto de autorización de instalacións, de acordo co proxecto denominado “Gasoducto de Transporte Básico Mariña Lucense (Ribadeo-Viveiro). A condición terceira da resolución do 22 de abril de 2014 dí que os cruces especiais e outras afeccións do gasoducto a bens de dominio público e a instalacións de servizos realizaranse de conformidade aos condicionados sinalados polos organismos e entidades competentes, así como por empresas de servizo público ou de servizos de interese xeral que resulten afectados pola construción das instalacións relativas ao proxecto do gasoducto denominado “Ramal a la Mariña Lucense”.

Conforme o disposto no artigo 103.2 da Lei 34/1998, do Sector de Hidrocarburos, os titulares de concesións, permisos ou autorizacións para o desenvolvemento das actividades de fabricación, regasificación, almacenamento, transporte, distribución e comercialización de combustibles gaseosos (dentro dos que o artigo 54.1, letra a) menciona o gas natural), ou para a construción, modificación ou ampliación de instalacións necesarias para as mesmas gozarán do beneficio de expropiación forzosa e ocupación temporal de bens e dereitos que esixan as instalacións e servizos necesarios, así como a servidume de paso e limitacións de dominio nos casos que sexa preciso para vías de acceso, líneas de conducción e distribución dos hidrocarburos, incluíndo as necesarias para atender a vixianza, conservación e



## Concello de Viveiro

---

### reparación das instalacións

En consecuencia, non resulta necesaria a autorización municipal para a ocupación do subsolo dos viais públicos, por tratarse dun dereito ou beneficio expresamente recoñecido por una norma estatal, que deriva da utilidade pública das actuacións

- Conforme establece o artigo 144.3 da LSG, non se poderá conceder licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectorias doutras administracións públicas, cando sexan procedentes de acordo co disposto nesta lei. Constan no expediente as autorizacións e/ou informes favorables das administracións públicas afectadas, segundo se dí no antecedente numero 2 deste informe

- Adecuación ás previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos. O artigo 143 da LSG establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos.

O punto terceiro da disposición transitoria primeira da mencionada LSG declara expresamente o mantemento da eficacia dos decretos autonómicos de suspensión do plan que foron ditados antes da súa entrada en vigor, e ata que entre en vigor o plan xeral; na súa virtude, a normativa vixente no municipio de Viveiro, aplicable á resolución deste procedemento, é a contida no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento, coas modificacións introducidas polo Decreto 89/2010, do 3 de xuño; de acordo coa indicada ordenación provisional, e tendo en conta o informe técnico favorable do arquitecto municipal que obra no expediente, as actuacións propostas cumpren coas previsións das ordenanzas aplicables, reguladas nos puntos 1.3, 5 e 11 do anexo do Decreto 102/2006.

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Outorgar a GAS GALICIA SDG, S.A. licenza municipal de obras para a ampliación da canalización subterránea da rede de distribución de gas natural e acometida ao antigo Hotel Orfeo, sito na rúa J.G. Navia Castrillon, en Viveiro, nunha lonxitude de 40,93 metros, e unha acometida de 7,00 metros, de acordo co proxecto técnico asinado polo enxeñeiro técnico industrial Antonio Javier Sabín Vazquez en maio de 2015 e baixo a dirección facultativa do enxeñeiro técnico industrial Fernando Prieto García.

Segundo.- Con independencia das condicións xerais ás que se atopan suxeitas tódalas licenzas urbanísticas, a presente quedará sometida ao cumprimento das CONDICIÓN PARTICULARES que de seguido se transcriben:

- a) A mercantil interesada deberá constituir na Tesourería municipal, no prazo dos quince días seguintes ao da notificación do acto de concesión da licenza, unha fianza de 1.500 euros en garantía da reposición de pavimentos e/ou arranxo de desperfectos que se poidan ocasionar nos viais municipais durante a execución das obras
- b) Na execución das obras deberanse seguir as indicacións da empresa adxudicataria do servizo de abastecemento de auga

---

### Concello de Viveiro

## Concello de Viveiro

---

- (VIACQUA, S.A.), da empresa responsable da rede de distribución de enerxía eléctrica (B.E.G.A.S.A.), de Telefónica-Movistar, R Cable, da Policía Local e do persoal municipal de obras, en todo o que afecte á presenza dos mencionados servizos e/ou instalacións
- c) Antes da colocación das distintas instalacións complementarias que se precisen, Gas Galicia SDG, S.A. deberá reunirse cos servizos técnicos municipais e facer un replanteo *in situ* para establecer a idoneidade da súa ubicación
  - d) A canalización deberá facerse polos puntos que o Concello de Viveiro determine en cada momento (estrada ou beirarrúa), que virá condicionado pola existencia de servizos municipais. En todo caso respetaranse as directrices que fixen os servizos técnicos municipais, antes do comezo das obras
  - e) Para os efectos do disposto no apartado anterior, o arquitecto municipal do servizo de obras, Santiago Meitín Miguez, coordinará coa empresa executora dos traballos, coas empresas de servizos, Policía Local e persoal municipal de obras, os traballos de canalización
  - f) O remate do pavimento realizarase cos mesmos materiais e espesores que os existentes na actualidade, debendo ser reparados á maior brevidade posible calquera dano que poida afectar ao bo funcionamento dos servizos, correndo por conta da empresa solicitante os gastos que se produzan. Para estes efectos, enténdese que esta obriga comprende a reposición da totalidade da banda de rodadura nos viais cunha anchura inferior aos 4 metros e a totalidade do carril (distancia acoutada dende o eixo do vial ao seu borde) nos viais cunha anchura igual ou superior aos 4 metros; esta disposición quedará condicionada aos replanteos realizados *in situ*. Excepcionalmente poderán contemplarse outras solucións que deberán ser debidamente xustificadas e aceptadas pola concellería de Obras
  - g) Durante a execución das obras, así coma no caso de que aquelas se poideran atopar paradas, deberanse adoptar todas as medidas de seguridade necesarias, que deben incluír a súa sinalización
  - h) De xenerarse entullos, deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado
  - i) Deberanse solicitar as oportunas autorizacións municipais para a ocupación de vía pública nos tramos afectados polas obras.

Terceiro.- As obras terán que comezar nun prazo máximo de seis meses a partir da notificación da presente resolución, sendo en todo caso a duración máxima de execución da obra de tres anos, a contar tamén a partir da notificación desta resolución.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado,



## Concello de Viveiro

---

previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

Cuarto.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Quinto.- Dar traslado da presente acordo ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

### **EXPTE 1158/2016.**

Vista a solicitude de licenza Urbanística para CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR de planta baixa e unha planta alta, promovido por LOPEZ SEOANE VICTOR MANUEL,

Visto que segundo consta no informe emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, constan no expediente os seguintes antecedentes:

- Con data 7 de xullo de 2016, foi presentada por LOPEZ SEOANE VICTOR MANUEL solicitude de Licenza Urbanística para a CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E UNHA PLANTA ALTA, en SOAR con referencia catastral 3765321PJ1336N0002XL sito en SANTO ALBITES, Viveiro. Coa solicitude, o promotor achegou a seguinte documentación:

- proxecto básico en formato papel redactado polo arquitecto Francisco J. Hermida Trastoy, datado en xuño de 2016. O proxecto contén unha memoria urbanística (Plano A01) na que se indica a finalidade e o uso (residencial) da construción proxectada, razoándose a súa adecuación á ordenación vixente (OUP), e con expresa clasificación do solo (núcleo rural) e da normativa aplicable nel
- xustificante do pagamento dos tributos municipais

- O 21 de setembro de 2016 requíriuse ao solicitante para que emendase a solicitude mediante a presentación da seguinte documentación, indicada no informe do arquitecto municipal de 13 de setembro de 2016:

1. Plano de cesións (3 copias) expresando a superficie obxecto de cesión a viais e documentación acreditativa da titularidade de parcela
2. Planos e memoria modificadas nos que se recolla a conexión á rede de

---

### Concello de Viveiro

## Concello de Viveiro

---

saneamento pública e a valoración das obras

- O 20 de outubro de 2016 o solicitante achega o plano de cesións requirido (A02), documentación acreditativa da titularidade da parcela, e memoria e planos solicitados.

- Con data 7 de novembro, en cumprimento do disposto no artigo 143.1 da LSG, foi emitido informe técnico polo arquitecto municipal en sentido favorable á concesión da licenza urbanística solicitada.

No mencionado informe verificase a adecuación das obras propostas ao entorno e ás previsións da lexislación e da ordenación urbanística de aplicación así como ao planeamento vixente. Neste sentido, indica a obriga que incumbe ao solicitante da licenza, de cesión gratuita ao concello dos terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso, que neste caso supón a obriga de ceder 66 metros cadrados.

- Non se deriva do informe técnico a necesidade de outorgamento de autorizacións, concesións ou informes urbanísticos ou sectoriais doutras administracións públicas previas á concesión da licenza municipal

- O 25 de novembro de 2016 asinouse a acta de cesión gratuita de terreos en Santo Albites para apertura ou regularización de viario para construír nova edificación en solo de núcleo rural (expediente 4021/2016)

Visto o informe técnico favorable, emitido polo arquitecto municipal.

No referido informe sinálase que a clasificación do solo segundo a OUP é solo de núcleo rural. Ordenanza de aplicación 7. Sinálase no referido informe, respecto á descrición da parcela o seguinte:

- Datos catastrais:

Parcela A: referencia catastral nº3765321PJ1336N0002XL, Cr Santo Albites, A 10[T]

Superficie catastral: 821,00 m<sup>2</sup>.

Existe unha pequena discrepancia cos datos recollidos no proxecto, superficie segundo recente medición 956,00 m<sup>2</sup>

Respecto á cesión de viais maniféstase:

Artigo 24.2 da Lei 2//2016, *Réxime e condicións de edificación no solo de núcleo rural* referido a sistema de cesión de viais, recolle, “Cando se pretenda parcelar, construír novas edificacións, substituír ou rehabilitar integralmente as existentes, as persoas propietarias deberán ceder gratuitamente ao concello os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso”

O artigo 92.1 da Lei 2/2016, referido a *Protección das vías de circulación*, recolle, “As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior”.

Tómase como superficie de referencia a recollida nos planos de cesións aportados:

- o superficie bruta: 956,00 m<sup>2</sup>
- o superficie cesións: 66,00 m<sup>2</sup>
- o superficie neta: 890,00 m<sup>2</sup>

Sinálase así mesmo no informe técnico que se presenta un proxecto de construción de vivenda unifamiliar. As propostas adecúanse ao entorno onde se atopa atendendo á súa forma e materiais empregados incorporando solucións actuais. O proxecto recolle as obras de demolición dunha edificación existente, descrita no plano B01. Engádese que se cumpre coa

## Concello de Viveiro

---

normativa urbanística e que, segundo consta no proxecto os servizos urbanísticos están garantizados, contemplándose a realización das acometidas á rede eléctrica, de auga e de tratamento das augas residuais. Respecto ao cumprimento da normativa técnica aplicable maniféstase que o arquitecto redactor do proxecto fai constar que o proxecto cumpre coa normativa técnica aplicable. Establécense os seguintes condicionamentos e fianzas:

1. De ser necesario a ocupación da vía pública para as labores de desescombro, demolición, colocación de andamiaxe e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar a preceptiva licenza.

2. Servizos urbanísticos pendentes

Os servizos urbanísticos pendentes a realizar consisten nas acometidas á rede de subministro de electricidade, abastecemento de auga e saneamento. Valóranse as actuacións a realizar en 600,00 €.

Deberase de constituír unha garantía mínima pola cantidade de 600,00€, equivalente ao 100% das actuacións urbanísticas pendentes de executar.

3. Fianza

Establécese unha fianza de 2.500,00 € en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar no espazo público á hora de realizar as obras de construción.

Visto o informe xurídico favorable, emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se sinala:

- A lexislación aplicable no procedemento de outorgamento de licenzas é a seguinte:

Artigos 24, 142.2. b), 143 e 144 da LSG

Artigo 2 da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación de la Edificación

Artigos 9 a 19 do Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia aprobado polo Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, declarado vixente pola disposición transitoria oitava da LSG ata que entren en vigor as disposicións regulamentarias de desenvolvemento daquela lei, en todo o que non se opoñan ou resulten afectadas por ela

Artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 61.1 o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

- Respecto do cumprimento da lexislación e da ordenación urbanísticas aplicables ao fondo do asunto, e conforme o disposto no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, cando se pretenda construír novas edificacións no solo de núcleo rural, as persoas propietarias deberán ceder gratuitamente ao concello os terreos necesarios para a apertura e regularización do viario preciso. Dita cesión afecta, por mor do disposto no artigo 92.1 da citada norma, á superficie necesaria para que a vía pública á que dea fronte, acade unha anchura mínima de 4 metros dende o seu eixe.

- Da documentación técnica e xurídica achegada polo interesado, e verificada de conformidade polo arquitecto municipal, resulta que da superficie total da finca catastral deriva a obriga de cesión para viais ao Concello de Viveiro dunha porción de terreo de sesenta e seis metros cadrados (66 m<sup>2</sup>), que foi formalizada en data 25 de novembro tal e como se dí no antecedente quinto do presente informe.

- Igualmente, por mor do disposto no punto 3 do artigo 24 LSG, no caso da construción de novas edificacións (en núcleo rural), as persoas propietarias deberán executar á súa costa a conexión cos servizos existentes no núcleo, engadindo o punto 4 que poderá autorizarse a execución simultánea das obras de acometida, urbanización e edificación debendo exixir o municipio garantías suficientes do cumprimento desta obriga. Segundo o informe dos servizos técnicos, os servizos urbanísticos pendentes que deberán executarse son os seguintes: acometidas á rede de subministro de electricidade, abastecemento de auga e saneamento, polos que se deberá exixir unha garantía mínima de 600 euros, equivalente ao 100% do custo de ditas actuacións.

- De conformidade co disposto nos artigos 1 e 3 do Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e no artigo 24.5 do texto

---

## Concello de Viveiro

## Concello de Viveiro

---

refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os Concellos están facultados para intervir a actividade dos administrados mediante a esixencia de depósito previo de garantías que sirvan para responder dos danos que poideran ocasionarse no dominio público con ocasión da execución de obras, coa finalidade de reconstruír ou reparar os posibles danos que nel se causaren. Segundo o informe técnico emitido polo arquitecto municipal, a garantía a establecer para a reparación dos posibles danos nos bens municipais e espazos públicos durante a execución das obras, é de 2.500,00 euros

- De acordo co disposto no artigo 17 do RDUGa, o acto polo que se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, os seguintes extremos:

1. Clasificación e calificación urbanística do solo
2. Finalidade da actuación e uso ao que se destinará
3. Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos
4. Contía na que se presupostan as obras
5. Situación e emprazamento:
6. Nome e razón social do promotor
7. Técnico autor do proxecto
8. Prazos para o inicio e terminación das obras

Conclúe o informe xurídico, que visto canto antecede, este servizo considera que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida é conforme coa ordenación urbanística, procedendo a súa resolución pola Xunta de Goberno Local (por delegación da Alcaldía, resolución de 3 de xullo de 2015)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, e en base á proposta emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Primeiro.- Conceder licenza urbanística a LOPEZ SEOANE VICTOR MANUEL para CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E UNHA PLANTA ALTA, en SOAR con referencia catastral 3765321PJ1336N0002XL sito en SANTO ALBITES-Viveiro, de acordo coas seguintes determinacións:

1. Clasificación e calificación urbanística do solo: Solo de núcleo rural
2. Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: Vivenda unifamiliar, uso residencial
3. Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: B+I (5,32 metros de altura de cornisa), e 102,10 m<sup>2</sup> ocupación de parcela
4. Contía na que se presupostan as obras: 89,102,00 euros
5. Situación e emprazamento: Cr Santo Albites. Ref. Catastral 3765321PJ1336N0002XL
6. Nome e razón social do promotor: Lopez Seoane Victor Manuel
7. Técnico autor do proxecto: Francisco J. Hermida Trastoy
8. Prazos para o inicio e terminación das obras: 6 meses e 3 anos, respectivamente

•A presente licenza outorgase dexando a salvo o dereito de propiedade e

## Concello de Viveiro

---

sen prexuízo de terceiros

- O promotor deberá presentar o proxecto de execución e os oficios de dirección de obra, dirección de execución material das obras e coordinador de seguridade e saúde antes de iniciar a execución das obras e, en todo caso, cunha antelación suficiente para que poida verificarse polos servizos técnicos municipais
- As obras axustaranse na súa execución ao proxecto técnico e demais documentación obrante no expediente
- O promotor deberá constituir na Tesourería municipal as seguintes garantías:
  - a) En garantía dos servizos urbanísticos pendentes que deberán executarse (acometidas á rede de subministro eléctrico, abastecemento de auga e saneamento) 600,00 euros
  - b) En garantía da reparación dos posibles danos nos bens municipais e espazos públicos durante a execución das obras, 2,500,00 euros

Segundo.- As obras terán que comezar nun prazo máximo de seis meses a partir da notificación da presente resolución, sendo en todo caso a duración máxima de execución da obra de tres anos, a contar tamén a partir da notificación desta resolución.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

Cuarto.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Quinto.- Dar traslado do acordo que se adopte á Tesourería municipal para os efectos de levar a cabo os trámites que correspondan respecto das garantías que debe constituir o interesado-promotor das obras

Sexto.- Dar traslado da presente acordo ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

**EXPTE 3459/2016**





## Concello de Viveiro

---

Vista a solicitude de don DANIEL ASMERON ARAYA, rexistrada de entrada no concello o día 28 de outubro de 2016, de prórroga para o remate das obras de construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de O Briero, parroquia de Faro, amparadas pola licenza urbanística concedida pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o 22 de novembro de 2013, e notificada ao interesado o 4 de decembro do mesmo ano

Visto o informe favorable emitido polo arquitecto municipal.

Visto o informe xurídico favorable emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se indica o seguinte:

- Vistas as normas de aplicación (artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 359 do Decreto 143/2016 do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento daquela) que establecen a posibilidade de conceder prórrogas dos prazos de iniciación e de remate das obras, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga; visto igualmente que no suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente, e que cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado

Conclúese no informe xurídico que se informa favorablemente a prórroga (de remate) solicitada, por un novo prazo que non poderá exceder de tres anos; o prazo máximo total para o remate das obras (6 anos) compútarase dende a data do outorgamento da licenza e a concesión da prórroga estará condicionada á que a vivenda sexa rematada exteriormente.

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Outorgar a D. DANIEL ASMERON ARAYA prórroga para o remate das obras de construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de O Briero, parroquia de Faro, amparadas pola licenza urbanística concedida pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o 22 de novembro de 2013.

A prórroga (de remate) solicitada, por un novo prazo non poderá exceder de tres anos; o prazo máximo total para o remate das obras (6 anos) e compútarase dende a data do outorgamento da licenza e a concesión da prórroga estará condicionada á que a vivenda sexa rematada exteriormente.

Segundo.- Dar traslado da presente acordo ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

---

## Concello de Viveiro



## Concello de Viveiro

---

### **EXPTE. 3811/2016.**

Vista a solicitude de licenza de primeira ocupación de VIVENDA UNIFAMILIAR, presentada por D. MIGUEL ÁNGEL DÍAZ MÍGUEZ, para a vivenda unifamiliar construída en SANTO ALBITES S/N, Viveiro.

Visto que segundo consta no informe xurídico emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, constan os seguintes antecedentes:

- O día 15 de novembro de 2016, MIGUEL ANGEL DIAZ MIGUEZ, titular da licenza de obras tramitada co número de expediente 181/2001, para construción dunha vivenda (licenza outorgada o 6 de agosto de 2001), coas modificacións autorizadas en data 23 de agosto de 2016 pola Xunta de Goberno Local (expediente 1867/2016) presentou a solicitude de licenza de primeira ocupación da vivenda unifamiliar construída en SANTO ALBITES S/N desta localidade.

Visto o informe técnico favorable, emitido polo arquitecto municipal, no que se sinala que con data 16 de decembro do presente realízase a visita de comprobación das obras executadas e se comproba que o executado se axusta á documentación obrante no expediente.

Visto o informe xurídico favorable, emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se sinala:

- De conformidade co disposto nos artigos 143.4 da LSG, 355.3 do Decreto 143/2016, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento daquela e o artigo 42.3 da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, os Servizos Municipais practicaron unha visita de comprobación, emitindo informe favorable o 20 de decembro de 2016

- Consta no expediente a documentación preceptiva (certificado final de obra asinado por técnico competente e visado polo COAG, acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, constando como data de remate das obras a de 3 de outubro de 2016, e a conformidade das mesmas co proxecto e documentación técnica complementaria autorizados polas licenzas municipais)

Conclúese no informe xurídico que, visto o que antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable, que a licenza pretendida é conforme coa ordenación urbanística aplicable, e que procede a súa resolución pola Xunta de Goberno Local, de acordo coa resolución da Alcaldía do 3 de xullo de 2015 de delegación de competencias.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, e en base ao informe xurídico emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Primeiro.- Conceder a MIGUEL ANGEL DIAZ MIGUEZ a licenza de primeira

---

### Concello de Viveiro



## Concello de Viveiro

---

ocupación de VIVENDA UNIFAMILIAR construída en SANTO ALBITES S/N desta localidade, de referencia catastral 3767122PJ1336N0001OK

Segundo.- Dar traslado da presente acordo ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

### **4.- CONTA XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓNS**

#### **EXPTE. 1548/2016. CLUB DE BILLAR CASINO DE VIVEIRO**

Vista a proposta da Concellería de Deportes para a aprobación da conta xustificativa, polo importe total da subvención, e resto de subvención 2016 do Clube de Villar Casino de Viveiro, por importe de 100,00 euros (a subvención ascendía a un total de 500,00 euros, dos cales 400,00 euros foron adiantados en concepto de anticipo).

Visto que en data 9 de agosto de 2016 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o anticipo estipulado correspondente á subvención do ano actual entre este Concello e o clube de 400,00 euros.

Visto que en data 30 de novembro co número de entrada 2016-RC-E-7836 o citado clube aporta a documentación para xustificar o convenio de 2016.

Visto que según informe de Intervención, existe consignación presupostaria na aplicación 3340-48910 do presuposto de 2016 e que a entidade entregou a documentación xustificativa da subvención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida ao Clube de Billar Casino de Viveiro para o ano 2016, pola súa totalidade e o outorgamento do resto de subvención (non anticipada) segundo o convenio asinado, por importe de 100,00 euros, con cargo á aplicación 3340-48910.

Segundo.- Antes do pago acreditarase que a sociedade está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non existen débedas en vía executiva.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Xestión Tributaria e Económica para a súa notificación ós interesados e aos Departamentos de Intervención e Tesourería para o seu coñecemento e efectos.

#### **EXPTE. 4497/2016. VIVEIRO FÚTBOL SALA FEMENINO.**

---

## Concello de Viveiro



## Concello de Viveiro

---

Vista a documentación xustificativa da subvención concedida ao Viveiro Fútbol Sala Femenino, para o ano 2016, por importe de 1.500,00 euros.

Vista a proposta de aprobación da conta xustificativa da referida subvención, por importe de 1.500,00 euros, con cargo á aplicación 3400-48910 (Subvencións deportes nominativas), presentada polo Concelleiro de Deportes, para financiar os gastos da actividade deportiva para a cal foi concedida a subvención.

Visto que según informe de Intervención, existe consignación presupostaria na aplicación 3340-48910 do presuposto de 2016 e que a entidade entregou a documentación xustificativa da subvención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida ao Viveiro Fútbol Sala Femenino para o ano 2016, por importe de 1.500,00 euros, segundo o convenio asinado e con cargo á aplicación 3340-48910 do presuposto de 2016.

Segundo.- Antes do pago acreditarase que a sociedade está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non existen débedas en vía executiva.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Xestión Tributaria e Económica para a súa notificación ós interesados e aos Departamentos de Intervención e Tesourería para o seu coñecemento e efectos.

### **EXPTE 1383/2016. A.D. PRAIA DE COVAS**

Vista a proposta da Concellería de Deportes para a aprobación da conta xustificativa, da subvención 2016 á A.D. Praia de Covas, por importe de 2.500,00 euros (a subvención ascendía a un total de 5.000,00 euros, dos cales 2.500,00 euros foron adiantados en concepto de anticipo).

Visto que en data 22 de xullo de 2016 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o anticipo estipulado correspondente á subvención do ano actual entre este Concello e a asociación de 2.500,00 euros.

Visto que en data 30 de novembro co número de entrada 2016-RC-E-7829 a citada asociación aporta a documentación para xustificar o importe do anticipo, non xustificando o resto do importe.

Visto que según informe de Intervención, existe consignación presupostaria na aplicación 3340-48910 do presuposto de 2016 e que a entidade entregou a documentación xustificativa da cuantía ao que ascendía o anticipo da subvención concedida.

---

### Concello de Viveiro



## Concello de Viveiro

---

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida á A.D. Praia de Covas para o ano 2016, polo importe do anticipo, 2.500,00, con cargo á aplicación 3340-48910.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Xestión Tributaria e Económica para a súa notificación ós interesados e aos Departamentos de Intervención e Tesourería para o seu coñecemento e efectos.

### **EXPTE. 4607/2016. CLUBE CICLISTA LA VIVARIENSE.**

Vista a documentación xustificativa da subvención concedida ao Viveiro Clube Ciclista La Vivariense, para o ano 2016, por importe de 1.000,00 euros.

Vista a proposta de aprobación da conta xustificativa da referida subvención, por importe de 1.000,00 euros, con cargo á aplicación 3400-48910 (Subvencións deportes nominativas), presentada polo Concelleiro de Deportes, para financiar os gastos da actividade para a cal foi concedida a subvención.

Visto que según informe de Intervención, existe consignación presupostaria na aplicación 3340-48910 do presuposto de 2016 e que a entidade entregou a documentación xustificativa da subvención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida ao Viveiro Clube Ciclista La Vivariense para o ano 2016, por importe de 1.000,00 euros, segundo o convenio asinado e con cargo á aplicación 3340-48910 do presuposto de 2016.

Segundo.- Antes do pago acreditarase que a sociedade está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non existen débedas en vía executiva.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Xestión Tributaria e Económica para a súa notificación ós interesados e aos Departamentos de Intervención e Tesourería para o seu coñecemento e efectos.

---

## Concello de Viveiro

## Concello de Viveiro

---

### **EXPTE. 4587/2016. PEÑA CICLISTA GRÁFICAS LAR.**

Vista a documentación xustificativa da subvención concedida á Peña Ciclista Gráficas Lar, para o ano 2016, por importe de 1.500,00 euros.

Vista a proposta de aprobación da conta xustificativa da referida subvención, por importe de 1.500,00 euros, con cargo á aplicación 3400-48910 (Subvencións deportes nominativas), presentada polo Concelleiro de Deportes, para financiar os gastos da actividade para a cal foi concedida a subvención.

Visto que según informe de Intervención, existe consignación presupostaria na aplicación 3340-48910 do presuposto de 2016 e que a entidade entregou a documentación xustificativa da subvención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida á Peña Ciclista Gráficas Lar para o ano 2016, por importe de 1.500,00 euros, segundo o convenio asinado e con cargo á aplicación 3340-48910 do presuposto de 2016.

Segundo.- Antes do pago acreditarase que a sociedade está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non existen débedas en vía executiva.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Xestión Tributaria e Económica para a súa notificación ós interesados e aos Departamentos de Intervención e Tesourería para o seu coñecemento e efectos.

## **5.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS**

### **EXPTE 4535/2016. AXUDA NO FOGAR**

Vista a solicitude de servizo de axuda no fogar presentada por D. Manuel García Vázquez, e domicilio en Avda. Cantarrana, Nº 9, 2ºB, Viveiro.

Visto o informe da traballadora social no que se propón conceder o servizo de axuda no fogar solicitado coas seguintes características:

Contidos prestacionais:	Atencións de carácter persoal .
Capacidade económica da persoa usuaria:	>150%<200% IPREM
Aportación económica:	20%
Custo directo do servizo que satisfará o Concello:	80%
Duración do servizo:	6 horas semanais
Revisión do mesmo:	Pendente resolución PIA dependencia.

---

## Concello de Viveiro



## Concello de Viveiro

Disponibilidade de alta efectiva ouo paso a lista de agarda:	Paso a lista de agarda.
--	-------------------------

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder o servizo de axuda no fogar a D. Manuel García Vázquez, coas características especificadas no informe da traballadora social, , **pasando a lista de agarda.**

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos Sociais para o seu coñecemento e notificación á interesada.

### **EXPTE. 4538/2016.- AXUDA NO FOGAR.**

Vista a solicitude de servizo de axuda no fogar presentada por D. Ramón Guimarey Paleo, e domicilio en Pallaregas Nº 19, Covas, Viveiro.

Visto o informe da traballadora social no que se propón conceder o servizo de axuda no fogar solicitado coas seguintes características:

Contidos prestacionais:	Atencións de carácter persoal .
Capacidade económica da persoa usuaria:	>80%<150% IPREM
Aportación económica:	10%
Custo directo do servizo que satisfará o Concello:	90%
Duración do servizo:	6 horas semanais
Revisión do mesmo:	Pendente resolucilón PIA dependencia.
Disponibilidade de alta efectiva ouo paso a lista de agarda:	Alta efectiva.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder o servizo de axuda no fogar a D. Ramón Guimarey Paleo, coas características especificadas no informe da traballadora social, con alta efectiva, sinalando que non debe sobrepasarse o importe establecido no orzamento para dito servizo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos Sociais para o seu coñecemento e notificación á interesada.

### **EXPTE. 4539/2016. AXUDA NO FOGAR**

Vista a solicitude de servizo de axuda no fogar presentada por D<sup>a</sup>.María Delfina Fernández Trasancos, e domicilio en Castelo Nº 18, Magazos, Viveiro.

Visto o informe da traballadora social no que se propón conceder o servizo de axuda no fogar solicitado coas seguintes características:

Contidos prestacionais:	Atencións de carácter persoal.
-------------------------	--------------------------------

## Concello de Viveiro

## Concello de Viveiro

Capacidade económica da persoa usuaria:	>80%<150% IPREM
Aportación económica:	10%
Custo directo do servizo que satisfará o Concello:	90%
Duración do servizo:	3 horas semanais
Revisión do mesmo:	Pendente de resolución PIA dependencia.
Disponibilidade de alta efectiva ou paso a lista de agarda:	Alta efectiva por vía de urxencia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder o servizo de axuda no fogar a D<sup>a</sup>.María Delfina Fernández Trasancos, coas características especificadas no informe da traballadora social, con alta efectiva mediante vía de urxencia, sinalando que non debe sobrepasarse o importe establecido no orzamento para dito servizo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos Sociais para o seu coñecemento e notificación á interesada.

### EXPTE. 4540/2016. AXUDA NO FOGAR

Vista a solicitude de servizo de axuda no fogar presentada por D<sup>a</sup>. Dolores Villarrea Sanjurjo, e domicilio en Atalaya N<sup>o</sup> 42, Celeiro, Viveiro.

Visto o informe da traballadora social no que se propón conceder o servizo de axuda no fogar solicitado coas seguintes características:

Contidos prestacionais:	Atencións de carácter doméstico
Capacidade económica da persoa usuaria:	>150%<200% IPREM
Aportación económica:	20%
Custo directo do servizo que satisfará o Concello:	80%
Duración do servizo:	6 horas semanais
Revisión do mesmo:	Pendente de resolución PIA dependencia.
Disponibilidade de alta efectiva ou paso a lista de agarda:	Paso a lista de agarda

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder o servizo de axuda no fogar a D<sup>a</sup>. Dolores Villarrea Sanjurjo, coas características especificadas no informe da traballadora social, **pasando a lista de agarda.**

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos Sociais para o seu coñecemento e notificación á interesada.

### **7.- RECOÑECIMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.**





## Concello de Viveiro

---

### **EXPTE. 4561/2016**

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, coa conformidade da Intervención, para a aprobación de facturas e obrigas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen na proposta do concelleiro de facenda referente ao expediente 4561/2016.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

### **EXPTE. 4604/2016**

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, coa conformidade da Intervención, para a aprobación de facturas e obrigas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen na proposta do concelleiro de facenda referente ao expediente 4604/2016.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

### **EXPTE. 4263/2016. ASISOLIM LIMPEZAS**

Visto que en relación ás facturas que figuran no referido expediente consta informe emitido pola Intervención Municipal no que se sinala que respecto ás facturas emitidas por Asisolim asistencia social y limpieza S.L. que figuran no presente expediente, se trata de gastos realizados no propio exercicio carecendo de aprobación do gasto e do procedemento de contratación, ó non ter cobertura como contrato menor, e que existe consignación orzamentaria no vixente orzamento, poñendo por ditos motivos de manifesto a disconformidade na tramitación dos gastos, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omítense outros requisitos e trámites dos procedementos de contratación ó non ter cobertura como contrato menor. Engade que por outra banda ditas factura se corresponden con contratos administrativos de servizos ou subministros que existiron, no sentido de que houbo no seu momento un acto

## Concello de Viveiro

---

administrativo de adxudicación de contrato, aínda que respecto deles rematou o seu prazo, apuntando así mesmo que en virtude da teoría do enriquecemento inxusto debe existir unha correlativa compensación da administración que recibe a prestación a favor do acreedor. Dito informe conclúe sinalando que coas discrepancias e consideracións formuladas, existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente para facer fronte ós gastos realizados no exercicio 2016, e previo informe que se require ós responsables dos servizos afectados en canto ó motivo ou causa da falta de tramitación do procedemento contractual, corresponde á Xunta de Goberno Local a validación do gasto e aprobación do recoñecemento ou liquidación da obrigas.

Consta no expediente informe da Concelleiro de Facenda ó respecto das facturas referidas nos informes de intervención, no que se manifesta que en data 23 de agosto de 2016 iniciouse un procedemento de contratación que abarque a limpeza de dependencias municipais por parte do departamento de contratación. Que no día 18/10/2016 presentouseme un prego de prescricións tecnicas para sacar a concurso o citado expediente. Que con data 14/12/2016 realizouse unha providencia de Alcaldía denominada “Inicio de expediente de contratación denominado “servizo de limpeza de diversos edificios municipais do Concello de Viveiro”, por un orzamento anual de 70.000,00€ (ive incluído). Inclúense as dependencias: Casa do Concello, Conservatorio Profesional de Música de Viveiro, Centro de Servizos Sociais e Biblioteca Municipal, por prazo de 4 anos. Por parte da Alcaldía e na mesma data solicitouse a Sra. Interventora do Concello de Viveiro a consignación orzamentaria para dito destino.

Consta así mesmo informe do encargado do servizo de contratación no que se manifesta que respecto ao servizo de limpeza de diversas dependencias municipais do Concello de Viveiro a Alcaldía do Concello solicitou á Intervención municipal a correspondente consignación orzamentaria para proceder á referida contratación na anualidade de 2017, por un importe total anual de 70.000,00€, IVE incluído, polo que, no momento de o Servizo de Contratación conte co correspondente documento RC, procederá a elevar o expediente á Secretaría municipal para a súa aprobación polo órgano de contratación.

Vistos os referidos informes remítese pola Intervención á Xunta de Goberno Local para a súa validación:

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Validar o gasto e aprobar a relación de facturas que se recollen no expte 4263/2016, recoñecendo as obrigas que derivan das mesmas.

Segundo.- Dar conta do referido acordo ós Departamentos de Intervención, Tesourería e Servizos Económicos.

### **EXPTE. 4264/2016. ASISOLIM LIBRE CONCORRENCIA E DEPENDENCIA**

Visto que en relación ás facturas que figuran no referido expediente, respecto ao servizo de axuda no fogar libre concorrencia consta informe emitido pola Intervención Municipal no que se sinala que respecto ás facturas emitidas por Asisolim asistencia social y limpieza S.L. que figuran no presente expediente, se trata de gastos realizados no propio exercicio carecendo de aprobación do gasto e do procedemento de contratación, ó non ter cobertura como contrato menor, e que existe consignación orzamentaria no vixente orzamento, poñendo por ditos motivos de manifesto a disconformidade na tramitación dos gastos, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omítense outros requisitos e trámites dos procedementos de contratación ó non ter cobertura como contrato menor. Engade que por outra banda ditas factura se corresponden con contratos administrativos de servizos ou subministros que existiron, no sentido de que houbo no seu momento un acto administrativo de adxudicación de contrato, aínda que respecto deles rematou o seu prazo, apuntando así mesmo que en virtude da teoría do enriquecemento inxusto debe existir unha correlativa compensación da administración que recibe a prestación a favor do acreedor. Dito informe conclúe sinalando que coas discrepancias e consideracións formuladas, existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente para facer fronte ós gastos realizados no exercicio 2016, e previo informe que se require ós responsables dos servizos afectados en canto ó motivo ou causa da falta de tramitación do procedemento contractual, corresponde á Xunta de Goberno Local a validación do gasto e aprobación do recoñecemento ou liquidación da obrigas.

Consta informe do director de servizos sociais, no que se sinala que respecto ao servizo de axuda no fogar de dependencia xa rematou o procedemento de contratación, e respecto a libre concorrencia manifesta que debería iniciarse un procedemento de contratación con carácter de urxencia, e que tendo en conta o custo estimado por hora que suporá o servizo, e o incremento polo tanto de gasto que suporá para o Concello, debería realizarse unha reorganización do servizo referente ás unidades familiares que se lles presta o servizo, priorizando a atención persoal, e no referente ao custo/hora do servizo para o usuario.

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, coa conformidade da Intervención, para a aprobación de facturas e obrigas correspondentes ao servizo de axuda no fogar de dependencia.

Vistos os referidos informes remítese pola Intervención á Xunta de Goberno Local para a súa validación:



## Concello de Viveiro

---

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Validar o gasto e aprobar a relación de facturas que figuran no expte 4264/2016 respecto ao servizo de axuda no fogar de libra concorrencia, recoñecendo as obrigas que derivan das mesmas, aprobando así mesmo a relación de obrigas que figuran no presente expediente coa conformidade de intervención, correspondentes ao servizo de axuda no fogar de dependencia.

Segundo.- Dar conta do referido acordo ós Departamentos de Intervención, Tesourería e Servizos Económicos.

### **EXPTE. 4265/2016. ASISOLIM DEPENDENCIA**

Visto que en relación ás facturas que figuran no referido expediente, respecto ao servizo de axuda no fogar de dependencia consta informe emitido pola Intervención Municipal no que se sinala que respecto ás facturas emitidas por Asisolim asistencia social y limpieza S.L. que figuran no presente expediente, se trata de gastos realizados no propio exercicio carecendo de aprobación do gasto e do procedemento de contratación, ó non ter cobertura como contrato menor, e que existe consignación orzamentaria no vixente orzamento, poñendo por ditos motivos de manifesto a disconformidade na tramitación dos gastos, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omítense outros requisitos e trámites dos procedementos de contratación ó non ter cobertura como contrato menor. Engade que por outra banda ditas factura se corresponden con contratos administrativos de servizos ou subministros que existiron, no sentido de que houbo no seu momento un acto administrativo de adxudicación de contrato, aínda que respecto deles rematou o seu prazo, apuntando así mesmo que en virtude da teoría do enriquecemento inxusto debe existir unha correlativa compensación da administración que recibe a prestación a favor do acreedor. Dito informe conclúe sinalando que coas discrepancias e consideracións formuladas, existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente para facer fronte ós gastos realizados no exercicio 2016, e previo informe que se require ós responsables dos servizos afectados en canto ó motivo ou causa da falta de tramitación do procedemento contractual, corresponde á Xunta de Goberno Local a validación do gasto e aprobación do recoñecemento ou liquidación da obrigas.

Consta informe do servizo de contratación, no que se sinala respecto ao servizo de axuda no fogar de dependencia, que o día 23 de novembro de 2016 este Servizo de Contratación elevou á Secretaría Municipal a proposta de adxudicación do contrato de referencia a favor da empresa "Servizos Sociais San Roque, con CIF núm. B-27.333.160, para a súa adxudicación polo órgano de contratación.

---

### Concello de Viveiro



## Concello de Viveiro

---

Vistos os referidos informes remítese pola Intervención á Xunta de Goberno Local para a súa validación:

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Validar o gasto e aprobar a relación de facturas que figuran no expte 4265/2016, recoñecendo as obrigas que derivan das mesmas.

Segundo.- Dar conta do referido acordo ós Departamentos de Intervención, Tesourería e Servizos Económicos.

### **8.- PROPOSTAS DE GASTOS**

Vistas as propostas de gasto presentadas polos Concelleiros, coa fiscalización previa de conformidade pola Intervención, certificando a existencia de crédito, cos números de expedientes: EXPTE. 3655/2016.- EXPTE. 3815/2016.- EXPTE. 3867/2016.- EXPTE. 4228/2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a autorización dos referidos gastos.

Segundo.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Intervención e ós concelleiros proponentes das propostas de gasto aprobadas.

### **9.- ROGOS E PREGUNTAS.**

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 14:00 horas do día 26 de decembro de 2016, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.